

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE MIÑO PARA A REORGANIZACIÓN E HUMANIZACIÓN DE VIAIS NO CENTRO URBANO DE MIÑO

En Miño, a 17 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2.a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Ricardo A. Sánchez Oroza, na súa condición de alcalde do Concello de Miño, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. Que a rúa Real e a rúa Galea, de titularidade municipal, presentan deficiencias en canto á súa accesibilidade que deben ser emendadas.

Segundo. Que o Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

Terceiro. Que o Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2010 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras, contemplando entre as súas accións a mellora da seguridade viaria na zona de circulación, prestando especial atención a zonas con presenza de persoas usuarias vulnerables, travesías, etc.

Cuarto. A actuación que pretende realizar o Concello de Miño consiste basicamente na modificación das beirarrúas para incrementar o seu ancho. Así mesmo, no entorno da igrexa, espazo en conexión coa Avda. Carreira e a rúa Galea, eliminarase o paso actual, que presenta unha pendente desproporcionada, substituíndoo por unha rampa adaptada á normativa en materia de accesibilidade, co que se conseguirá liberar espazo no contorno da igrexa. Cambiarase o pavimento, que se atopa deteriorado e, na rúa Galea, mellorarase a iluminación pública e ordearase o aparcadoiro público.

A actuación prevista é complementaria á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria. Esa consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Miño ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Por todo o exposto, as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é o establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Miño para a reorganización e humanización de viais no centro urbano de Miño.

A actuación comprenderá a mellora da rúa da Galea, do contorno da Igrexa e da rúa Real, e incluírá a modificación das beirarrúas para incrementar o seu ancho, a eliminación do paso actual existente no entorno da igrexa, que presenta unha pendente desproporcionada, e a súa substitución por unha rampa adaptada á normativa en materia de accesibilidade, e a mellora do pavimento. Na rúa Galega, mellorarase tamén a iluminación pública e ordearase o aparcadoiro público.

SEGUNDA.- REQUISITOS.

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Miño cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. - OBRIGAS DO CONCELLO.

Ademais das establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas do Concello de Miño:

1. Elaborar o documento técnico, que será remitido á Axencia Galega de Infraestruturas para a súa conformidade.
2. Levar a cabo as obras obxecto deste convenio.
3. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.
4. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestruturas. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.
6. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
7. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

8. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.
9. O concello deberá dar publicidade da obra mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o cofinanciamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Vivenda –Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

CUARTA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar as obras, destinando para iso ata un máximo de **DOUSCENTOS VINTE E CINCO MIL DOUSCENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON CINCO CÉNTIMOS DE EURO (225.249,05 €)**, con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Importe (€)
2016	60.000,00
2017	165.249,05
TOTAL	225.249,05

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello de Miño xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

- Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
 - Os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- Mostra fotográfica da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos realizados durante os anos 2016 e 2017. A data límite para a xustificación é o 30 de novembro para cada unha das anteditas anualidades.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello de Miño, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Miño.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE.

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para o concello nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2016 nas condicións establecidas na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas

O alcalde do Concello
de Miño

Ethel M^a Vázquez Mourelle

Ricardo A. Sánchez Oroza